



# **CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)**

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 Fax 981453185 REL 01150709 CIF P1507100D

Expte. núm. 2018/C003/000015

Ref.: SLR

## **ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN: PROCEDEMENTO ABERTO, TRAMITACIÓN SIMPLIFICADA, DA OBRA FINANCIADA CON CARGO AO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS), “POS+2018”, REPARACIÓN E MELLORA DE FIRME EN MURAZOSO E REDONDA. VALORACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DAS EMPRESAS QUE REALIZARON OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS. ACORDOS A TOMAR.**

Na sala de concelleiros do Concello das Pontes de García Rodríguez, o día 16/10/2018, reúnese a mesa de contratación para tratar os asuntos contidos na convocatoria realizada o día 15/10/2018.

**PRESIDENTE SUPLENTE:**

Carlos Alberto Domínguez Adegá, economista do concello.

**VOGAIS:**

Marina Núñez Orjales, secretaria da corporación

Manuel Souto López, interventor accidental do concello.

Álvaro Luis Santodomingo González, tesoureiro do concello.

**SECRETARIA**

Ivón Carrodegas Rodríguez, administrativa do Departamento de Contratación.

Non asisten, con escusa, Francisco Javier Ulloa Arias, interventor municipal, en comisión de servizos; Cristina Morán Monzo, interventora municipal; José Manuel Cabarcos Anca, técnico de administración xeral da corporación e Felipe Vázquez García, oficial maior do concello.

O presidente abre a sesión ás 14:00 h.

O presidente verifica a existencia do preceptivo quórum de constitución e funcionamento establecido no artigo 21.7 do Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (RD 817/2009), e declara a Mesa validamente constituída; de seguido, pasa a coñecerse dos asuntos incluídos na Orde do Día:

- Valoración da oferta con valores anormais ou desproporcionados á vista do informe técnico emitido para o efecto. Acordos a tomar.

A mesa analiza, de seguido, o informe técnico que emitiu o enxeñeiro de camiños, canles e portos, Miguel A. Fernández Rivera, redactor do proxecto técnico.

Nesta licitación, só unha empresa, Lancer Proyectos y Obras, SA, presentou oferta con valores anormais ou desproporcionados.

O dito licitador presentou a documentación xustificativa da súa oferta en data 10/10/2018 (RE sede núm. 1255). A documentación remitiuse ao técnico redactor do proxecto.

O informe relativo as ofertas con valores anormais ou desproporcionados recíbese no concello o día 10/10/2018 (RE sede núm. 1618). De acordo co citado informe, respecto deste licitador conclúese o seguinte: “Tras analizar toda la documentación presentada, comprobando que no se incluyen todos los documentos requeridos en el pliego de cláusulas administrativas del contrato y, que además se considera que la oferta presentada no se encuentra debidamente justificada. Se concluye que la oferta presentada por Lancer proyectos y obras, S.L. debe continuar considerándose como oferta



# CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 Fax 981453185 REL 01150709 CIF P1507100D

Expte. núm. 2018/C003/000015

Ref.: SLR

económicamente desproporcionada y no aceptándose la oferta económica propuesta por dicha empresa.”

A mesa de contratación, unha vez analizada a documentación presentada e o informe técnico emitido para este licitador, por unanimidade, e de conformidade co disposto no artigo 22 1 f) do Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (RD 817/2009), propón excluír da licitación ao licitador Lancer Proyectos y Obras, SA, respecto do que o técnico redactor do proxecto non considerou xustificada a súa viabilidade, ben por incumprir as determinacións do prego ou ben por falta de xustificación da súa oferta. Como motivación desta proposta xuntárase á acta o informe que emitiu o técnico redactor do proxecto.

A puntuación obtida por cada empresa, unha vez excluída a empresa que realizou ofertas con valores anormais ou desproporcionados, e a clasificación por orde de puntuación final sería a seguinte:

Nome do contrato ou concurso	Reparación e mellora de firme en Murazoso e na Redonda (POS + 2018)						
Prezo de licitación	42 190,92 € (sen IVE)						
Límite oferta anormal ou desproporcionada	35 658,59 €						
Número	Licitador	Oferta económica	Baixa (%)	Puntuación Ampliación prazo de garantía	Puntuación valoración económica	Oferta anormal ou desproporcionada	Total
1	Canarga, SL	35 818,18	15,1	20	56,24	Non	76,24
2	Cholo, SL	37 625,86	10,82	20	40,39	Non	60,39
3	Francisco Gómez y Cía., SL	38 705,79	8,26	20	30,84	Non	50,84
4	Grupo Bascuas 2008, SL	40 883	3,1	20	11,57	Non	31,57
5	Sociedad de Regeneración Medioambiental, SL	41 321,49	2,06	0	7,69	Non	7,69
6	Huso 29 Estudios y Construcciones, SL	42 190,92	0	0	0	Non	0

De acordo co artigo 22.1. g) do RD 817/2009, propónse ao órgano de contratación a adxudicación da obra a favor do licitador que presentou a proposición que contén a oferta economicamente máis vantaxosa, o licitador Canarga, SL, cunha oferta de 35 818,18 €, sen IVE.

Finalmente, o presidente remata a sesión ás 14:20 minutos, da que se estende esta acta que asinan a secretaria e o presidente da mesa, segundo establece o artigo 87.3 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas.

As Pontes de García Rodríguez, 16 de outubro de 2018



**CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)**

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 Fax 981453185 REL 01150709 CIF P1507100D

Expte. núm. 2018/C003/000015

Ref.: SLR

A secretaria

O presidente suplente